



ASOCIACIÓN VIEIRO

ESCOLAS DE FAMILIA: MÁIS QUE UN TEITO

Curso de prevención no ámbito familiar

1.- Presentación e xustificación.

2.- Obxectivos.

3.- Poboación destinataria.

4.- Metodoloxía

5.- Contidos

6.- Lugar de celebración

7.- Duración



ASOCIACIÓN VIEIRO

1.- PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN

A familia ten unha función clave na socialización do individuo e contribúe decisivamente ao seu desenvolvemento social, emocional e cognitivo. É o primeiro grupo social do cal as persoas forman parte e, como en calquera núcleo social, os seus membros interactúan entre si de acordo cunhas regras de relación, uns roles e unhas funcións que van cambiando ao longo da vida dese grupo e en relación coa influencia doutros grupos sociais máis amplos. Neste sistema inflúe todo o seu contorno, toda a comunidade en que interaccionan os seus membros dunha forma continuada.

Na familia adquirense e desenvólvense as actitudes, crenzas, valores, hábitos, estilos de vida e comportamentos que influirán no modo en que os fillos se enfronten á vida e, por tanto, a actuación familiar pode contribuír a evitar o desenvolvemento de problemas de adicción.

Para cumprir a súa función preventiva as familias deben estar capacitadas para exercer unhas determinadas habilidades de xestión e funcionamento familiar. É dicir, para poder desenvolver a súa natural función educativa e preventiva, as familias deben dispoñer de adecuados recursos de xestión e funcionamento, que na maioría dos casos se desenvolven espontaneamente, pero que para algúns grupos en situación de risco, a adquisición destas capacidades require intervencións formativas que promovan a instauración de pautas de funcionamento e xestión capaces de minimizar patróns de risco e promover patróns de protección.

2.- OBXECTIVOS

A finalidade do curso é a de promover unha maior implicación dos pais, nais e titores legais, como axentes de saúde e fomentar a adquisición das competencias necesarias para que poidan desenvolver esta importante función de forma axeitada.

Entre os obxectivos do curso inclúense:



ASOCIACIÓN VIEIRO

- Mellorar as habilidades educativas, de xestión e de comunicación dos pais, nais ou titores que reciben a intervención.
- Promover e reforzar os factores de protección familiar, ao tempo que se pretende reducir o impacto dos factores de risco relacionados con este ámbito.
- Mellorar a calidade da información sobre sustancias, novas tecnoloxías e outras conductas de risco da que dispoñen os pais, nais e titores.
- Mellorar a habilidade dos participantes para o desenvolvemento de pautas consistentes de xestión familiar.
- Mellorar as actitudes educativas e preventivas dos pais.

3.- POBOACIÓN DESTINATARIA

A poboación destinataria do curso son pais, nais ou titores legais con fillos en idade escolar.

4.- METODOLOXÍA

O curso desenvólvese en formato de obradoiros presenciais dunha hora e media de duración e con periodicidade semanal ou quincenal cos pais/nais e titores legais que se adscriban segundo a idade dos seus fillos/as. Os obradoiros son impartidos por psicólogos/os e educadores/as sociais que utilizan un método de ensino pedagóxico activo e dinámico tratando de aunar os sistemas clásicos de comunicación baseada na dinámica de grupos e no fomento da participación dos asistentes.

Nas sesións utilízanse actividades interactivas, tales como dinámicas, debates, vídeos e actividades en grupo para favorecer o intercambio de ideas entre os/as participantes. Tamén se distribúe material de apoio.



ASOCIACIÓN VIEIRO

5.- CONTIDOS

Entre os contidos do curso atopamos, entre outros: os modelos de familia, normas e límites, disciplina positiva, habilidades comunicativas e de xestión familiar, premios e castigos, comunicación familiar, estilos educativos e influencia, resolución de conflitos, uso e abuso de sustancias, uso responsable das novas tecnoloxías, hábitos saudables, promoción da autonomía e a responsabilidade dos fillos e fillas, educación afectivo-sexual, etc.

6.- LUGAR DE CELEBRACIÓN

Centros Sociais, Casa da Xuventude de Carballo e Centros Educativos

7.- DURACIÓN

Dende o mes de Outubro ata o mes de Maio con sesións semanais ou quincenais de unha hora e media de duración.